



## Comezo do curso

Estimados pais,

Benvidos a *Quick Minds*!

*Quick Minds* é un curso de inglés de seis niveis para os seis anos de Primaria. Dá continuidade ao inglés aprendido en Educación Infantil e desenvólvese seguindo o currículo do ensino da lingua inglesa nos colexios españois de Primaria.

Este ano o voso fillo aprenderá inglés con *Quick Minds 2*. *Quick Minds 2* comeza cos catro *Super Friends*, ('Super Amigos') de *Quick Minds 1*. Trátase de Whisper, que pode falar cos animais; Thunder, que é moi forte; Misty, que pode facerse invisible e Flash, que corre moi rápido.

Ao mesmo tempo que gozan das **historias animadas**, os nenos familiarizaranse con distintos temas e aprenderán **gramática e vocabulario** útiles, e unha chea de cancións **divertidas**.

Invitámosvos a participar da experiencia do voso fillo na aprendizaxe do inglés en casa. Podedes facelo coas actividades interactivas online de *Quick Minds*, ás que accederedes en [www.quickmindsapps.es](http://www.quickmindsapps.es). Trátase de divertidos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** aos que podedes xogar en familia. As **cancións** e as **historias** tamén están dispoñibles online. Podedes cantar as cancións, ver e escoitar as historias en calquera momento que queirades.

Esperamos que gocedes do inglés con *Quick Minds* tanto como o fará ou voso fillo!





## Unidade Welcome The school bag

Estimados pais,

Nesta Unidade de benvida ao curso (*Welcome Unit*), *The school bag*, o voso fillo aprenderá o **abecedario inglés**, a **deletrear** palabras en inglés e os **números do 11 ao 20**. Tamén aprenderá a preguntar polo material colexio que teñen el e os seus compañeiros, e responder. Pode practicar o que aprendeu xogando na casa aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online.

Pedídlle ao voso fillo que vos cante a **canción** do abecedario. Tamén podeades escoitar a **canción** e a súa versión **karaoke** online.

Na **historia** desta unidade, os *Super Friends* salvan un tren. Pedídlle ao voso fillo que vos conte cal é o problema e como o resollen os *Super Friends*. Non esquezades ver xuntos a **historia animada**.

Esperamos que o pasedes ben!





## Unidade **1** Back to school

Estimados pais,

Na Unidade 1, *Back to school*, o voso fillo aprenderá o vocabulario do **mobiliario da clase**, así como a preguntar onde están as cousas en clase e responder.

Xogará a un xogo de acción para practicar como se di onde están as cousas. Non esquezades xogar aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online!

O voso fillo cantará e aprenderá a **canción** sobre a aula divertida. Pedídlle que vos a cante, ou cantade e bailade xuntos!

Preguntádlle ao voso fillo que pasa na **historia** dos *Super Friends* desta Unidade. Como atrapa cada personaxe os ladróns? Podedes ver xuntos a **historia animada** online.

Ademais, o voso fillo aprenderá sobre os **Tangram e as diferentes formas**, e despois fará o seu propio Tangram. Pedídlle que vos ensine o seu Tangram e que vos faga algunhas figuras.

Esperamos que gocedes desta unidade!





## Unidade **2** The zoo

Estimados pais,

Na unidade 2, *The zoo*, o voso fillo aprenderá o vocabulario dalgúns **animais** e a preguntar e falar do que lles gusta facer aos seus amigos, e o que non. Falará cos seus compañeiros sobre os animais que lles gustan e os que non, e practicará a comunicación oral debuxando un animal e falándolle a un compañeiro sobre o seu debuxo. Hai **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online aos que podeades xogar para que practique máis.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción** sobre as comidas que lles gustan aos animais. Cantádea xuntos coa versión **karaoke** e pasádeo xenial!

Nesta unidade, os *Super Friends* axudan ao garda do zoo a xuntar algúns animais que fuxiron dos seus recintos. Ver xuntos na **historia animada** online como recuperan aos *Super Friends* aos animais. Falade co voso fillo sobre cal é o seu animal favorito.

Finalmente, para a lección de **Creatividade**, o voso fillo escoitará unha visualización guiada sobre un animal que é unha combinación de varios animais. Logo imaxinarán e debuxarán un animal fantástico con trazos de varios animais. Pedídlle que vos mostre o seu debuxo e que vos diga que animais forman esta nova criatura.

Esperamos que o pasedes moi ben con esta unidade!





## Unidade **3** My bedroom

Estimados pais,

Na unidade 3, *My bedroom*, o voso fillo aprenderá o vocabulario dos **mobles de casa**. Tamén aprenderá a referirse a obxectos que están cerca e lonxe, e a falar das súas pertenzas. Non esquezades xogar xuntos aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online.

Pedídlle ao voso fillo que vos fale de Timothy McKane e de onde está na **canción**. Está axudando a súa nai? Animade ao voso fillo a que vos cante a **canción Timothy McKane**.

Preguntádlle ao voso fillo como está o cuarto de Flash ao comezo da **historia**. Como intenta ordenalo? Por que non pode Flash ir ao parque cos seus amigos? Non esquezades ver xuntos a **historia animada** online!

Para rematar, o voso fillo aprenderá sobre o **reciclaxe**. Falarlle da importancia de reciclar e de que isto contribúe a coidar do medio ambiente.

Esperamos que o pasedes ben!



## Unidade **4** Come to my party!

Estimados pais,

Na unidade 4, *Come to me party!*, o voso fillo aprenderá o vocabulario das **partes da cara** e a describir a persoas. Xogará cos seus compañeiros a un divertido xogo de adiviñar para practicar o vocabulario novo. Podedes facer xuntos os **xogos interactivos do vocabulario e gramática** online, para que practique máis o vocabulario.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción** do neno e os seus avós. Preguntádelle que lle gusta facer cos seus avós, tías o tíos. Cantade xuntos!

Podedes ver xuntos a **historia animada**, *Thunder's party*. Falade da importancia de saber perder.

Finalmente, para a lección da **Creatividade**, o voso fillo escoitará unha visualización guiada sobre unha festa de aniversario. Logo imaxinará a súa propia festa e debuxarala. Pedídelle que vos mostre o seu debuxo e cóntevos todo o que pasa na festa. Quen están? Como son?

Esperamos que o pasedes ben!





## Unidade **5** Off we go!

Estimados pais,

Na unidade 5, *Off we go!*, o voso fillo aprenderá o vocabulario dos **medios de transportes**. Tamén aprenderá a falar do que está facendo nese momento e preguntarlle aos seus amigos o que están facendo eles. Debuxarase viaxando e falará dos seus debuxos cos seus compañeiros. Non esquezades empregar os **xogos interactivos do vocabulario e gramática** online para repasar a linguaxe desta unidade.

Escoitade online la canción sobre viaxar. Cantádea xuntos coa versión **karaoke** e bailade!

Preguntádelle ao voso fillo que pasa na **historia** dos *Super Friends* nesta unidade. Que problemas teñen de camino á praia? Agora vede xuntos a **historia animada** online.

Para rematar, o voso fillo aprenderá sobre **medidas**. Medirá distintos obxectos da clase cunha regra. Para ampliar esta práctica, podedes medir xuntos algúns obxectos e mobles de casa.

Esperamos que gocedes desta unidade!





## Unidade **6** Sports club

Estimados pais,

Na Unidade 6, *Sports club*, o voso fillo aprenderá o vocabulario dalgúns **deportes** e algúns **adxectivos** para describir actividades. Falará cos compañeiros dos seus deportes favoritos. Non esquezades xogar xuntos aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción** dos deportes. Cantádea xuntos coa versión **karaoke!**

Pedíelle ao voso fillo que vos diga o que pasa na **historia**, *The football club*. Logo vede xuntos a **historia animada** online e falar da importancia de incluír e ter en conta as persoas.

Finalmente, para a lección de **Creatividade**, o voso fillo escoitará unha visualización guiada sobre un trofeo infantil. Logo imaxinará un trofeo que lle deron por gañar unha competición deportiva e debuxarao. Pedíelle que vos mostre o seu debuxo e vos diga en que deporte gañou.

Esperamos que vos divirtades!







## Unidade **7** In the countryside

Estimados pais,

Na Unidade 7, *In the countryside*, o voso fillo aprenderá o vocabulario dalgúns **animais de granxa** e substantivos que forman o **plural irregular**. Xogará cos seus compañeiros facendo os sons dos animais da granxa. Utilizade os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para repasar este vocabulario.

Preguntádelle cal é o seu animal de granxa favorito. Animade ao voso fillo a cantar a **canción**, *Animal boogie*. E poñer tamén a versión **karaoke**!

Podedes ver xuntos a **historia animada**, *We're lost!* Falade da importancia de pedir axuda cando se precisa. Preguntádelle ao voso fillo como pensa que chegan a casa os *Super Friends* agora que perdeuse tamén o coello.

Para rematar, o voso fillo aprenderá sobre **grupos de animais** e fará unha exposición sobre este tema cos seus compañeiros. Preguntádelle cal é o seu grupo de animais favorito.

Esperamos que gocedes desta unidade!



## Unidade **8** Amusement park

Estimados pais,

Na Unidade 8, *Amusement park*, o voso fillo aprenderá o vocabulario dos **parques de atraccións** e a falar do que lle gustaría facer. Representará cousas que lle gustaría facer nun parque de atraccións cos seus amigos. Tamén repasará o vocabulario e a gramática aprendida ao longo do curso. Podedes practicar na casa os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para ampliar o repaso.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción** sobre as cousas que se fan no parque de atraccións. Preguntádelle cal é a súa parte favorita do parque de atraccións: As atraccións?, A comida?, Os xogos? Non esquezades cantar tamén coa versión **karaoke**.

Preguntádelle ao voso fillo o que acontece na **historia** dos *Super Friends* desta unidade. Como evitan os *Super Friends* que o home venda mazás malas? Podedes ver xuntos a **historia animada**.

Finalmente, para a lección de **Creatividade**, o voso fillo escoitará unha visualización guiada sobre unha feira. Logo de imaxinala debuxará a súa propia feira. Pedídelle que vos ensine o seu debuxo e cóntevos as atraccións e actividades que incluíu.

Esperamos que o pasedes moi ben!





## Fin de curso

Estimados pais,

Esperamos que este ano gozásedes do inglés con *Quick Minds 2* na casa xunto ao voso fillo. Esperamos que vos divertísedes facendo os **xogos interactivos** online, falando das **historias** e escoitando e cantando as **cancións**.

Recordade que sempre podedes volver xogar aos xogos interactivos online que máis vos gustaron, ver de novo as historias animadas e cantar outra vez as vosas cancións favoritas.

Como remate, aos *Super Friends*: Misty, Whisper, Thunder e Flash, gustaríalles despedirse de vós e desexarvos: Felices vacacións este verán!

